

## RESOLUCIÓN DE ALCALDIA

De conformidade coas facultades que me confire a lexislación vixente e ó abeiro do prego de cláusulas administrativas aprobado en data 25/05/2017, para a contratación, por procedemento aberto con multiplicidade de criterios de adxudicación, a obra de "Restauración do Palco da Música do Cantón de Diómedes" **RESOLVO:**

1º.- Procedida á convocatoria de licitación da obra "**Restauración do Palco da Música do Cantón de Diómedes**" preséntanse as seguintes empresas:

| LICITADOR  | LOCALIDADE          | Nº R.E.                              | Dirección correo electrónico       |
|--|---------------------|--------------------------------------|------------------------------------|
| Rocas Graníticas del Condado, S.L.                             | Salvaterra de Miño  | 6122 - 29/06/2017                    | rocas@rocasgraniticas.com          |
| Construcciones Mascareñas e Hijos, S.A.                        | Ourense             | 6329 - 05/07/2017                    | construcciones@mascarenasehijos.es |
| Construcciones Abal, S.A.                                      | Meis (Pontevedra)   | 6354 - 05/07/2017                    | abal@construccionesabal.com        |
| Getiones e Inversiones ALPER, S.L.                             | Vigo                | 6360 - 05/07/2017                    | ----                               |
| Actividades de Construcción Edificación y Viales, S.L. (ACEVI) | Pontevedra          | 6393 - 06/07/2017<br>(Fora de prazo) | acevi@acevi.net                    |
| Alcana Viviendas, S.L.   | Pazos de Reis - Tui | 6484 - 07/07/2017<br>(Fora de prazo) | ----                               |

2º.- Nomear ós seguintes técnicos e funcionarios que formarán parte da Mesa de Contratación:

PRESIDENTE: D. Enrique Cabaleiro González, alcalde-presidente, ou concelleiro en quen delegue.

VOGAIS:

D. Aitor Iglesias Monzón, interventor do Concello, ou funcionario en quen delegue.

Dª. Pilar Fernández Alonso, secretaria do Concello, ou funcionario en quen delegue.

D. José Manuel Ferreiroa González, arquitecto técnico municipal.

Dª. Yolanda Rodríguez Rodríguez, concelleira de Facenda.

SECRETARIO DA MESA: Titular: María Jesús Blanco Martínez. Suplente: José Angel Fernández Rodríguez.

3º.- Convocar á Mesa de Contratación para a apertura do sobre nº 1, documentación administrativa, o **día 20 de xullo de 2017, ás dez horas en trinta minutos, en sesión non pública.**

4º.- De estar conforme á documentación presentada para o sobre nº 1 e rematado o acto anterior, o mesmo **día 20 de xullo 2017**, se procederá, **en sesión pública**, **ás once horas**, á apertura do sobre nº 2 de **criterios cuantificables de forma automática**, no salón de sesións do Concello.

5º.- Dar traslado da presente resolución ós membros designados na Mesa de Contratación, aos departamentos de Secretaría e Intervención, publicándose no Perfil do Contratante e Taboleiro de Edictos.

En Tui, o Alcalde, Enrique Cabaleiro González.

Documento asinado dixitalmente á marxe.